

ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO
DE VIGO



MEMORIA ECONÓMICA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PROCURADORÍA DOS TRIBUNAIS PARA O CONCELLO DE VIGO

1. OBXECTO (art. 99 LCSP)

O obxecto do contrato é a conclusión dun acordo marco do que deriven contratos de servizos por medio dos cales se leve a cabo a prestación por parte dos licitadores que resulten adxudicatarios, das funcións propias da profesión de procurador dos Tribunais, en exercicio e segundo resulta esixible do seu propio conxunto de deberes, fixado legal, regulamentaria e estatutariamente polas normas propias do seu estatuto profesional, colexial e polas diferentes normas procesuais, segundo dispoña cada unha delas.

A prestación dos servizos producirase naqueles procedementos nos cales figure o Concello de Vigo (e resto de entidades de dereito público defendidas por este) como demandante, demandado ou en posicións procesuais equivalentes (interesado, codemandado, etc.).

Lotes (art. 99.3 LCSP)

O ámbito territorial de prestación do servizo correspóndese coa xurisdición perante a cal figure o Concello de Vigo (e resto de entidades de dereito público defendidas por este) como demandante, demandado ou en posicións procesuais equivalentes, de conformidade coa proposta de división en lotes.

A división en lotes ven xustificada en que a prestación do servizo conleva actuacións en partidos xudiciais diferentes (Lei 6/1985, Lei 38/1988 e Lei 29/1998):

- Lote 1 (partido xudicial de Vigo)
- Lote 2 (partido xudicial de A Coruña)
- Lote 3 (partido xudicial de Madrid)

2. PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

Dispón o artigo 101.13 da LCSP que o valor estimado dun acordo marco pasa por ter en conta o valor máximo estimado, excluído o IVE, do conxunto de contratos previstos durante a duración total do acordo marco.

O importe total do contrato se configura polo gasto real acumulado polas diferentes actuacións procesuais requiridas durante o seu período de vixencia, segundo as necesidades do Concello, polo tanto non é posible definir con exactitude ao tempo de celebrar o presente acordo marco, o número total de prestacións incluídas no obxecto do contrato, por estar subordinadas as actuacións procesuais ao número de asuntos xudiciais que se xeren durante o período de vixencia do acordo marco. Unicamente xeran obriga de pagamento os traballos encargados e efectivamente realizados polo procurador/a.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 1 de 5

17501-111

CSV: AEA151-8AEC59-A9C5EH-FX9S24-GDE5GD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO DE VIGO



Os licitadores presentarán unha oferta por cada lote ao que queiran concorrer. Os licitadores formularán a súa oferta económica mediante a expresión dunha porcentaxe (%) de baixa aplicable ao Arancel de Dereitos dos Profesionais da Procura aprobado polo Real Decreto 434/2024 de 30 de abril. O prezo do contrato será o resultado de aplicar o arancel de dereitos dos profesionais da Procura aprobado polo Real Decreto 434/2024, de 30 de abril, ou norma que a substitúa, coa rebaixa que, no seu caso, oferten os adxudicatarios de cada lote na súa proposición. No caso de que o Real Decreto sexa modificado ou derogado por norma posterior, a % de baixa proposta polos adxudicatarios será igualmente aplicable aos aranceis establecidos na normativa correspondente.

Os custes efectivos do servizo de procuradoría, segundo os datos obrantes na contabilidade municipal, para os exercicios 2021, 2022 e 2023, foron:

	2021	2022	2023
VIGO	41,251.21 €	29.487,77 €	29,781.21 €
CORUÑA	13,294.34 €	22,952.76 €	17,555.40 €
MADRID	184.75 €	-	4.268,06 €

O acordo marco vixente rematará o vindeiro mes de decembro do presente 2024, polo que as cifras sinaladas en ningún caso poden considerarse concluíntes en relación ao presente procedemento de licitación. A tendencia de procedementos xudiciais vese afectada por varias circunstancias, non sendo previsible a materia e contías dos asuntos que poidan xurdir. Polo exposto, e ao fin de non limitar as posibilidades de defensa, tómase como referencia o valor estimado de cada anualidade do anterior acordo marco, 70.925,64 euros, que con IVE suporía 85.820,02 euros.

A Administración de Xustiza atópase inmersa nun proceso de cambio, que está dando lugar a constantes avances normativos, medidas e reformas que poden determinar nun futuro cambios nas necesidades ou prestación do servizo, polo que estímase conveniente establecer un prazo de duración do novo acordo marco de dous anos e unha previsión de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha. Así, resulta un valor estimado máximo (orientativo e non vinculante) para os efectos de determinar o procedemento de licitación e a súa publicidade de 283.702,56 euros para os 4 anos (incluídas as eventuais prórrogas) e sen I.V.E (art. 101.13 en relación co 219.2 LCSP).

Así, e tendo en conta a data de inicio prevista da prestación (1/1/2025), estímase unha cantidade por anualidades lineal e sen I.V.E. de:

Importe primeiro ano do contrato 2025	70.925,64 €
Importe segundo ano do contrato 2026	70.925,64 €

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 2 de 5
17501-111	CSV: AEA151-8AEC59-A9C5EH-FX9S24-GDE5GD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO DE VIGO



Importe da primeira prórroga prevista 2027	70.925,64 €
Importe da segunda prórroga prevista 2028	70.925,64 €

3. REVISIÓN DE PREZOS (art. 103 LCSP)

Non procede. Os prezos deste contrato non serán obxecto de revisión debido a que se trata dun contrato de servizos no que non concorre ningún dos supostos enumerados no artigo 103.2 da LCSP.

4. FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL

O gasto proposto establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo ao cumprimento da esixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, por entender que o orzamento de licitación atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos do orzamento do Concello de Vigo. A partida á que imputar os gastos derivados deste acordo marco é a 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").

Asemade, o mesmo está previsto no plan anual de contratación do Concello de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local (AXGL de 29/12/2023). A única variación respecto da planificación é en relación co prazo de duración do contrato ao xustificarse na presente memoria económica a conveniencia de establecer un prazo de duración de dous anos e unha previsión de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, se ben non supera en ningún caso o prazo de catro anos que se prevía na planificación.

Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive deste, xa que esta ten a consideración de servizo e de carácter finalista para o Concello.

5. REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O adxudicatario con carácter xeral percibirá a cantidade devengada polas prestacións efectuadas, previa presentación de factura, dentro do mes seguinte á data en que concluíra o procedemento xudicial a facturar ou, no seu caso, a súa actuación na instancia. Estes servizos ou prestacións especificaranse detalladamente.

En coherencia co anterior, e para facilitar as operacións de peche de exercicio e a ordenada execución das anualidades, os adxudicatarios presentarán as facturas dos procedementos xudiciais nos que sexa posible a determinación do seu importe antes da

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 3 de 5
17501-111	CSV: AEA151-8AEC59-A9C5EH-FX9S24-GDE5GD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASESORÍA XURÍDICA

**CONCELLO
DE VIGO**



súa conclusión (artigo 1 do Título I do R.D. 434/2024, segundo o cal "os dereitos fixados neste arancel entenderanse totalmente devengados desde o momento do inicio da actuación de que se trate, sen prexuízo de que as partes poidan acordar outra forma de devengo").

Na factura non se admitirá a inclusión de outros conceptos que os expresamente contemplados no vixente arancel de dereitos dos profesionais da Procura aprobado por Real Decreto 434/2024, de 30 de abril ou norma que o substitúa. A dita cifra se lle realizará a minoración contida na oferta económica presentada polo adxudicatario.

A modo de exemplo, formulamos o seguinte suposto: procedemento ordinario seguido ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no que a contía do procedemento fixouse en 24.000 euros e no que tras o ditado da sentenza formulouse por esta administración municipal recurso de apelación contra a mesma. Neste suposto intervirá un procurador/a do Lote 1 (partido xudicial de Vigo) e un procurador/a do Lote 2 (partido xudicial de A Coruña), e supoñendo que ofertaron unha % de desconto a aplicar aos prezos unitarios fixados no arancel do 18% e do 20% respectivamente:

Dereitos do procurador/a do Lote 1 (procedemento ordinario seguido ante o Xulgado e interposición de recurso de apelación)	
Art. 69.1 RD 434/2024 (aplicación da escala prevista no art. 2)	535,50
Art. 74.1.a (60% da cantidade resultante da escala do art. 2)	321,30
% Desconto ofertado (18%)	- 154,22
Importe base dereitos	702,58 €

Dereitos do procurador/a do Lote 2 (tramitación do recurso de apelación ante o TSXG)	
Art. 74.1.b (40% da cantidade resultante da escala do art. 2)	214,20
% Desconto ofertado (20%)	- 42,84
Importe base dereitos	171,36 €

Deberá presentar a factura nun formato claro e correctamente estruturado.

No caso de incluír na factura gastos ou suplidos realizados necesarios para o cumprimento do encargo, a factura deberá achegar o xustificante de aqueles, reservándose o Concello de Vigo o dereito a non recoñecerllo en caso de non estar debidamente xustificado.

En cada factura deberán constar os seguintes extremos:

- A identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: servizo de contabilidade/fiscalización.
- A identificación do órgano de contratación: Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/10/2024 11:05	Páxina 4 de 5
17501-111	CSV: AEA151-8AEC59-A9C5EH-FX9S24-GDE5GD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASESORÍA XURÍDICA

CONCELLO
DE VIGO



- A identificación do destinatario: Asesoría Xurídica.

Non procederá a emisión de facturas a conta.

Vigo, na data das sinaturas dixitais

A Técnica de Xestión.

O Letrado especialista da orde social, civil, contenciosa e mercantil.

A Letrada-xefa de asesoramento.

Conforme,

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Resolución da Alcaldía-Presidencia do 19 de xuño do 2023 e Acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 de estrutura das área de goberno municipais e de delegación de competencias, e posteriores modificacións - BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, últimas modificacións vixentes -). Data e sinatura dixital.

Praza do Rei, 1 36202 Vigo (Pontevedra) - (986) 81 02 19 - ofi.asegur@vigo.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2024 11:05

Páxina 5 de 5

17501-111

CSV: AEA151-8AEC59-A9C5EH-FX9S24-GDE5GD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>